

Cavi, Sabina de (ed.). *Dibujo y ornamento: trazas y dibujos de artes decorativas entre Portugal, España, Italia, Malta y Grecia: estudios en honor de Fuensanta García de la Torre*. Córdoba: Diputación de Córdoba, [2015]. ISBN 978-84-697-0207-9; ISBN 978-84-8154-386-5

Sinatura en biblioteca: **7.04 DIB**

Este libro ten a súa orixe no congreso que tivo lugar en Córdoba do 5 ao 8 de xuño de 2013, titulado *Dibujar las artes aplicadas: dibujo de ornamentación para platería, mayólica, mobiliario, arquitectura efímera y retablistica entre Portugal, España e Italia (siglos XVI-XVII)*.

Novo no seu contido (é moi pouca a bibliografía que trata a historia do debuxo europeo nos talleres artísticos barrocos do Sur de Europa), é unha homenaxe a Fuensanta García de la Torre, unha gran estudosa do debuxo figurativo español.

Esta publicación amosa a innovadora tese de Sabina de Cavi, coordinadora do proxecto, segundo a que todas as artes decorativas dependerían do exercicio previo do debuxo e do uso constante deste na execución da obra. É de destacar a alta calidade do debuxo ornamental, do que son boa mostra a colección de máis de 450 ilustracións que aparecen no libro, a maioría delas ao servizo da arquitectura ou a decoración arquitectónica tanto do medio urbano como palaciano.

Tal como nos di De Cavi, esta obra responde aos seguintes interrogantes: ¿que papel tivo o debuxo na produción artística do Sur de Europa do renacemento e do barroco?, ¿en que modo se ensinaba e era practicado nos talleres?, ¿con que instrumentos?, ¿con que función?, ¿quen debuxaba?, ¿para quen?, ¿onde se atopan estes debuxos?, ¿que calidade artística e valor económico se lles pode atribuír a nivel científico e de mercado?

Se a todo isto engadimos unha cuidada edición enteiramente a cor, con abundantes ilustracións e unha excelente tipografía e elegante paxinación, propia dun especialista en publicacións de arte; atopámonos ante unha obra que constitúe un auténtico pracer estético para os amantes de arte e, máis concretamente, para os amantes do debuxo.